

# NOVAS da situación de confinamento:

## PERMISO PARA PASEOS DOS NENOS E NENAS

O Goberno permitirá que ata tres nenos saian fóra da casa a pasear acompañados dun adulto para correr, saltar e exercitarse nunha contorna de un quilómetro da súa casa, **sempre respectando a distancia social** recomendada polas autoridades sanitarias.

Poderán saír a partir do domingo, serán saídas para paseos **durante 1 hora** e poderán levar **os seus propios xoguetes**, como unha pelota ou un patín.

A medida afecta aos nen@s **entre os 0 e os 14 anos, acompañados dun adulto co que convivan.**

Os irmáns maiores de 18 anos tamén poden ser os acompañantes dos pequenos.

A saída pode ser ben para dar un paseo ou ir en bicicleta, pero sempre "acompañados en todo momento" por un adulto que viva con eles e que será o responsable.

Os nen@s **poden saír na seguinte franxa horaria: de 09:00 a 21:00,**

É imprescindible que nestas saídas **se respecten sempre as medidas de DISTANCIAMENTO SOCIAL de 1-2 metros** recomendadas pola autoridade sanitaria "con outros nenos e outros adultos que non conviven con eles".

Non poderán facer uso de espazos comúns como parques infantís. Xa que non está permitido, polo que estes aínda permanecerán pechados.